

## **CRITERIOS PARA CONCESIÓN DE CAMBIO DE GRUPO NAS MATERIAS COLECTIVAS**

Todas as solicitudes de cambio deberán ser presentadas ante a Xefatura de Estudos no prazo de dous días seguintes ás listaxes provisionais, en ningún caso o profesor titor terá potestade para resolver calquera cambio de horario.

Unicamente se garantirán os cambios que sexan solicitados por motivos de forza maior e xustificadas documentalmente. Tendo en conta a norma vixente, serán atendidas con prioridade as seguintes peticións de cambio:

1. Aquelas cuxas clases coincidan cos horarios do *ensino xeral obrigatorio (primaria e secundaria), bacharelato, FP, módulos formativos ou estudos universitarios*.
2. Aquelas cuxo horario se solape co *horario laboral do propio alumno* (achegando contrato laboral).
3. Aquelas que contemple un *motivo de forza maior con achega documental*.

Non se aceptarán cambios que non sexan xustificados documentalmente dentro do prazo.

A resolución de todos os cambios será publicada nas listaxes definitivas.